

Obxecto:	Resposta do promotor ao informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (DXPC) sobre o Estudo de Impacto Ambiental (EslA) e Proxecto Sectorial (PS)
Proxecto:	Parque eólico Monte Festeiros
Localización:	Forcarei e Silleda (Pontevedra)
Promotor :	AV Monte Festeiros S.L.U.
Remitente:	Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.
S/clave:	IN661A 2011/2-4
Data rexistro:	10.01.2022 (EslA+PIA) e 28.06.2022 (Documentación complementaria)
Expedientes:	03.I.394.2022.001 (Servizo de Arqueoloxía) e IA998/2011 (Servizo de Arquitectura)

O 10.01.2022 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación no que, de acordo co artigo 33.12 da Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, se solicita que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos sinalados na cabeceira.

A tales efectos achéganse os enlaces para descargar os documentos nomeados "Parque eólico de Monte Festeiros. Estudo de Impacto Ambiental (Decembro 2020-Revisión setembro 2021)" e "Proxecto de interese autonómico Parque eólico Monte Festeiros (Setembro 2021)", nos termos municipais de Silleda e Forcarei (Pontevedra).

O 28.06.2022 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, polo que se dá traslado da documentación complementaria achegada polo promotor en resposta ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 18.05.2022. Facilítase a ligazón para descargar os documentos nomeados "Addenda ao estudo de impacto cultural do EIA do Parque eólico Monte Festeiros (Xullo 2022)" e "Documentación para a resposta ao informe da DXPC. Parque eólico Monte Festeiros (Xuño 2022)".

ANTECEDENTES:

O 18.05.2022 a DXPC emitiu un informe sobre os documentos Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Monte Festeiros, 48 MW, Setembro 2022 e mais o Proyecto de Interese Autonómico Eólico Monte Festeiros Setembro 2022, no que, ao obxecto de poder continuar coa tramitación e análise do expediente, establecéronse unha serie de consideracións:

Respecto do estudo de impacto ambiental

- Deberá eliminarse o aeroxerador A02, que se localiza próximo ao Mosteiro de Santa María de Acibeiro ou recolocarse noutra zona, como podería ser próximo ao aeroxerador A03 ou aos aeroxeradores da zona leste da poligonal, que non afecte aos demais elementos do patrimonio cultural.
- Verificarase en campo a natureza e tipoloxía dos muros parcelarios afectados polas obras de accesos e plataformas da aliñación A04-A08 e identificaranse aqueles feitos coa técnica tradicional da pedra en seco. Analizarase a súa afección e propóranse medidas correctoras para minimizala.
- Para poder facer unha correcta valoración de impacto deberánse verificar en campo as coordenadas dos bens Mámoa da Chousa do Muíño (GA36052055), Mámoa de Penido 2 (GA36052105), afectados pola construción da gabiá de cableado que conduce a enerxía dende os aeroxeradores MF-01, MF-02 e MF-03 á Subestación; e mais as das Mámoas da Pallota 1 e 2 (GA36052063 e GA36052108), afectadas polo acondicionamento da vía de acceso aos



aeroxeradores da aliñación oriental, ao non haber correspondencia entre os datos aportados no EIPC e os que constan na DXPC.

- Dentro das alternativas propostas, as obras e os posibles impactos da alternativa elixida (neste caso a 3) deberán ser descritos, analizados e valorados de forma independente e pormenorizada. As descrições das obras con respecto aos bens arqueolóxicos deberán de estar clarificadas nun apartado específico dentro das fichas do EIPC e non como meras observacións da comparativa de alternativas do EsIA. Para avaliar os impactos deberase contar cunha ficha individualizada de cada elemento na que se fará constar as especificacións técnicas e as características construtivas das obras que, de ser o caso, ocasionen os impactos, cualificación dos mesmos, as distancias entre as obras e os bens, e a proposta de medidas protectoras e correctoras específicas.
- Aínda que se indica o acceso ao parque eólico dende fóra da poligonal, non se describen as actuacións que serán necesarias para acondicionar estes accesos, polo que non se pode valorar se existen elementos do patrimonio cultural que poidan verse afectados polas actuacións de adecuación dos accesos na fase de obras (rectificación de curvas, sobreanchos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, etc). Por tanto, avaliarase o impacto que poidan xerar os accesos ao parque dende a rede de estradas xerais, e terase en conta o seguinte nesa avaliación:
 - Consultaranse os catálogos das figuras dos planeamentos en vigor dos concellos afectados polo proxecto, os arquivos existentes na Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais e o Plan Básico Autonómico de Galicia.
 - Delimitaranse os bens do patrimonio cultural e as súas áreas de protección, baseándose no traballo de campo, en planimetría de detalle, en fotografía aérea e, no seu caso, en cartografía catastral. Estas áreas deberán axustarse ao previsto na normativa urbanística vixente nos concellos afectados e subsidiariamente ao disposto no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016).
 - Presentarase planimetría na escala apropiada na que se definan claramente as características dos accesos do proxecto (tramos existentes a modificar e tramos de nova construción) e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc). Cómpre sinalar que se deberán respectar os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural quedando libres de obra nova. A avaliación do impacto do proxecto deberá contar cunha ficha individualizada de cada elemento na que se fará constar as especificacións técnicas e características construtivas da obra ou proxecto que ocasiona o impacto, cualificación do mesmo, a distancia entre as obras e os bens e proposta de medidas protectoras e correctoras.
 - Dentro da poligonal, as obras no viero de acceso aos aeroxeradores da aliñación oriental do parque, situado moi preto dos xacementos arqueolóxicos da Mámoa da Pallota 1 (GA36052063) e Mámoa da Pallota 2 (GA36052108), restrinxiranse a acondicionar a vía existente sen ancheala, especialmente, cara ao lado sueste.
- Sen prexuízo do anterior, amais das medidas protectoras e correctoras xa propostas no estudo de impacto ambiental, adiántanse as seguintes que se deberán ter en conta:
 - Os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997).
 - A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá ser presencial, continuo e a pé de obra nos contornos de protección dos bens arqueolóxicos ou calquera outro que poida aparecer durante o transcurso das obras.
 - Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación dos mesmos.



- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade das obras.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola DXPC.

Respecto do Proxecto de interese autonómico

- Deberán incorporarse as modificacións que se realicen no Estudo de Impacto Ambiental para que teña correspondencia.
- Na planimetría de clasificación urbanística proposta incluíranse e reflectiranse os bens patrimoniais recollidos no Estudo de Impacto Arqueolóxico, así como os seus contornos de protección; e, á espera dunha delimitación de protección específica, o contorno de protección destes definirase de acordo co art. 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia. Así mesmo, establecerase a clasificación de solo rústico de protección patrimonial no seu contorno de protección.
- Os concellos afectados deberán integrar os novos bens patrimoniais nos seus catálogos urbanísticos de protección.

Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Disposicións legais a ter en conta en relación co patrimonio cultural:

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)*
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)*
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)*
- *Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20, do 01.02.2021)*
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)*
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)*
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)*
- *Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27.05.2022)*

Á vista da documentación remitida, e en relación co patrimonio cultural, tense en conta o expresado nos informes dos servizos técnicos:

Análise da documentación complementaria remitida o 28.06.2022

A documentación remitida polo Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra, "Addenda ao estudo de impacto cultural do EslA do Parque eólico Monte Festeiros (Xullo 2022)" completa o "Estudo do impacto sobre o patrimonio cultural", que constitúe o anexo III do documento ambiental, en resposta aos requirimentos contidos no informe da DXPC do 18.05.2022.

Asemade dentro desta documentación aportada, inclúese a "Documentación para a resposta ao informe da DXPC. Parque eólico Monte Festeiros (Xullo 2022)".

No primeiro dos documentos, "Addenda ao estudo de impacto cultural do EIA do parque eólico Montefesteiros", a entidade promotora indica que se comprobaron en campo as coordenadas UTM dos elementos arqueolóxicos indicados, verificando que eran correctas tal e como se expoñía no EIPC



segundo se expón nesta addenda, e, por tanto, a previsión de impactos dese documento segue sendo a mesma en función das distancias establecidas. En concreto:

- A respecto da posición da Mámoa da Chousa do Muíño (GA36052055), indícase que durante o traballo de campo realizado comprobouse que a posición ofrecida no EIPC para o elemento é coincidente coas descrições achegadas nas fichas anteriores, e tendo en conta que se trata dun elemento desaparecido. En todo caso, comprobouse a posición das coordenadas indicadas pola DXPC para o elemento, comprobando que se trata dunha valgada a pé dun camiño, producida por traballos de extracción (xabre, mineral...), onde non se aprecia ningunha estrutura tumular, aínda que nun dos extremos apréciase unha masa vexetal que foi imposible de comprobar. Así mesmo comprobouse a planimetría LIDAR e o plano de sombreado do Plan Básico Autonómico (PBA), sen detectaren neste punto ningunha estrutura asimilable cun túmulo.
- No que respecta á posición da Mámoa de Penido 2 (GA36052105), trátase dunha mámoa de grandes dimensións que destaca claramente na paisaxe circundante sendo plenamente visible desde calquera ángulo, e claramente perceptible no plano de sombreado do PBA. A posición estimada no EIPC, do mesmo xeito que as coordenadas ofrecidas, son correctas tal e como se pode observar nas imaxes anteriores. As coordenadas manexadas pola DXPC sitúanse xusto ao S da masa tumular do elemento. En todo caso, no transcurso dos traballos de campo comprobouse a posición do elemento, sendo esta plenamente coincidente co plasmado no EIPC, e, en consecuencia tamén o é a estimación de impacto ofrecida no mesmo documento.
- Con respecto á Mámoa da Pallota 1 (GA36052063), trátase dunha mámoa de grandes dimensións, claramente perceptible no plano de sombreado no PBA. A posición estimada no EIPC, do mesmo xeito que as coordenadas ofrecidas, son correctas. As coordenadas indicadas pola DXPC sitúanse 18 m ao S do elemento. En todo caso, no transcurso dos traballos de campo comprobouse a posición do elemento, sendo esta plenamente coincidente co plasmado no EIPC.
- Por último, sobre a posición da Mámoa da Pallota 2 (GA36052108), tamén se indica que se trata dunha mámoa de grandes dimensións, claramente perceptible no plano de sombreado no PBA. A posición estimada no EIPC, do mesmo xeito que as coordenadas ofrecidas, son correctas tal e como se pode observar nas imaxes que se achegan na addenda. As coordenadas indicadas pola DXPC sitúanse levemente ao S do punto anterior, pero na masa tumular do elemento. En todo caso, no transcurso dos traballos de campo tamén se comprobou a posición do elemento, sendo esta plenamente coincidente co plasmado no EIPC e, en consecuencia, tamén as valoracións dos impactos realizadas.

Xa que logo, considérase que as posicións estimadas para os elementos no EIPC son correctas e, en consecuencia, tamén as valoracións dos impactos ofrecidas no mesmo documento.

No subapartado 3.3.1, Patrimonio Arqueolóxico, inclúense as fichas de todos os elementos dentro da poligonal cos apartados solicitados, incorporando o grado de impacto e a distancia dos elementos arqueolóxicos as infraestruturas do parque eólico, en base a alternativa elixida 3.

A devandita addenda tamén contén a verificación en campo da natureza dos muros parcelarios afectados pola aliñación dos aeroxeradores A04-A08, a comprobación das coordenadas de varios xacementos arqueolóxicos e a descrición, análise e avaliación dos posibles impactos sobre os bens patrimoniais, considerando unicamente a alternativa elixida.

No segundo documento "Documentación para a resposta ao informe da DXPC parque eólico de Monte Festeiros" recóllese que o obxecto do mesmo é a de reflectir o efecto que o parque eólico ten na percepción de como se observaría –ou non– a instalación desde o contorno de protección do Mosteiro de Santa María de Aciveiro. Neste documento tamén se presentan propostas alternativas para condicionar o viero de acceso existente que se sitúa próximo ás Mámoas Pallota 1 e Pallota 2, de forma que se mitigue a afección sobre estes bens. Adicionalmente achéganse: plano de distancias entre o aeroxerador MF-02 e o Mosteiro de Santa María de Aciveiro; plano de emprazamento da posición alternativa do aeroxerador MF02 situada nas proximidades do aeroxerador MF03; e plano do acondicionamento proposto do viero próximo ás Mámoa da Pallota 1 y Mámoa da Pallota 2 e as súas seccións transversais. Inclúe un estudo de afección visual das infraestruturas do parque sobre o contorno inmediato, con inclusión de recreacións infográficas, composto dunha análise comparativa do proxecto anterior, que obtivo Declaración de



Impacto Ambiental (DIA) en 2013, e o proxecto actual, obxecto deste informe, e que tamén detalla as medidas correctoras previstas para a contorna da actuación e, de xeito particular para o Mosteiro de Santa María de Acibeiro, así como un plano coa definición gráfica dunha proposta para o emprazamento alternativo do aeroxerador A02.

Unha vez analizados os documentos pódense facer as seguintes **consideracións técnicas**:

- O proxecto de parque eólico Monte Festeiros en tramitación é unha modificación do parque eólico informado favorablemente pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o 24.05.2012 e o 19.12.2012, mantendo a potencia total de 48 MW coa redución do nº de aeroxeradores de 16 a 10 e polo conseguinte co cambio de modelo de máquina e modificación da súa altura total, pasando de 150 m a 200 m en 4 máquinas e 180 m en 2 máquinas e mantendo os 150 m nas 4 restantes.
- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o planeamento municipal, o plan básico autonómico e os visores do Instituto de Estudos do Territorio constátase que na zona de afección do parque eólico existen bens do patrimonio cultural que poderían verse afectados polas obras das infraestruturas e os seus accesos.
- No concello de Forcarei e próximo ao parque eólico, cara ao sur, sitúase o Mosteiro de Santa María de Acibeiro, declarado monumento por Decreto de 03.06.1931 (GAC do 04.06.1931) e con consideración de Ben de Interese Cultural (BIC) pola disposición adicional primeira da Lei 16/85, do 30 de xuño, do Patrimonio Histórico Español. Parte da poligonal do parque eólico incide no seu contorno de protección, delimitado por Decreto 22/2000 de 28 de xaneiro (DOG do 09.02.2000).

A afección visual a este mosteiro xa foi obxecto de análise no proxecto inicial que obtivo DIA. Agora proxéctase a implantación do aeroxerador A02 nunha posición non informada anteriormente pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e que se sitúa máis próxima ao mosteiro. Aínda que a máquina non invade o contorno delimitado do BIC, vén e a incrementar o impacto visual e paisaxístico do territorio que arrodea ao mosteiro. No informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 18.05.2022 pedíase eliminar o aeroxerador A02 ou recolocalo noutra zona.

Na documentación complementaria, remitida o 28.06.2022, estúdase un emprazamento alternativo para a máquina A02 porén, non se pode considerar viable, xa que o seu vteiro de acceso, de nova traza, invade o contorno de protección de varios bens arqueolóxicos. Tamén preséntase unha nova análise visual comparando o deseño do parque eólico autorizado co deseño en tramitación, non apreciándose grandes diferencias entre eles. Aínda así, propónse como medida correctora a plantación de varias pantallas de arboredo autóctono no entorno inmediato ao Mosteiro de Santa María de Acibeiro que mitigarían de xeito significativo o impacto das máquinas e, en concreto da A02, sobre o monumento.

- Na análise da diversa cartografía e fotografías aéreas pódese apreciar a existencia de valados tradicionais feitos coa técnica de pedra en seco que parcelan fincas. Segundo os planos que figuran nos documentos achegados, as obras dos vieiros e accesos afectarán a algúns destes valados, en especial a aliñación A04-A08.

Cómpre sinalar que a técnica tradicional de construción de pedra en seco foi incluída no *Censo do Patrimonio Cultural de Galicia* como manifestación do patrimonio cultural inmaterial pola resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 31.08.2016 (DOG núm. 186, do 29.09.2016) e tamén figura incluída na *Lista Representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade* desde 2018.

Na documentación complementaria achegada o 28.06.2022 indícase que a maior parte dos muros existentes no contorno das obras non corresponderían con esta técnica tradicional de construción. Non obstante, na comprobación dos lindes de fincas afectados pola aliñación A04-A08, a pesares da densa vexetación que cubría estes lindes, identificáronse dous valados tradicionais que resultarían afectados polas vieiros de acceso e outro pola plataforma do aeroxerador A08. Nesta documentación recoméndase a supervisión das rozas do parcelario nesta zona co fin de poder identificar os tramos de muros afectados e establecer as medidas



correctoras.

- Por outra parte, non se concretan nos documentos as actuacións que será necesario realizar para acondicionar os accesos ao parque eólico fóra da poligonal desde a rede de estradas xerais, polo que non se pode valorar se existen elementos do patrimonio cultural (antigos camiños e corredoiras, valados de pedra, muros de peche tradicionais, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) que poidan verse afectados polas actuacións necesarias para adecuar os accesos na fase de obras (rectificación de curvas, sobreanchos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, etc...).
- Asemade podería haber elementos patrimoniais afectados pola traza da liña de evacuación do parque que, aínda que non se considera obxecto dos documentos informados, figura definida no documento ambiental.
- As medidas correctoras propostas na alternativa 3 do EsIA aínda que non se ven alteradas non se contemplan nas fichas individualizadas dos elementos arqueolóxicos afectados.
- A respecto da posición alternativa do aeroxerador MF02 que se formula, situada ao norte da poligonal, sitúase nun lugar onde se documenta o topónimo Coto da Tella e relativamente preto do topónimo O Castelo (TO360052001) e mais do achado da Ara da Graba (AC360052030). A maior abastanza o vairo de acceso a esta posición alternativa do aeroxerador MF02 alteraría o contorno de protección do conxunto de bens formado pola Mámoa do Penido 1 (GA36052051), Eira dos Mouros (AC36052007), a Mina dos Mouros (GA36050052) e o achado de Fontefiás (AC36052032). Ademais, esta posición alternativa non vén avaliada por técnicos/as competentes (arqueólogos/as) e tampouco se achegan arquivos .shp para poder valorar polo miúdo as afeccións.
- No que atinxe ás obras no vairo de acceso aos aeroxeradores da aliñación oriental do parque, situado moi preto dos xacementos arqueolóxicos da Mámoa da Pallota 1 (GA36052063) e Mámoa da Pallota 2 (GA36052108), a documentación achegada ilustra que as obras consistirían en acondicionar a vía existente ancheándoa polo lado contrario ao lugar onde se sitúan as mámoas, e tratando de mitigar este impacto, que, segundo as seccións transversais achegadas, consistiría basicamente en sanear o terreo para realizar o novo firme nunha banda continua duns catro metros de ancho. Xa que logo, cómpre corrixir este impacto cunhas medidas axeitadas.
- Respecto ao proxecto sectorial (Setembro 2021), compróbase que os datos que se aportan, no que respecta ao alcance da actuación e localización das infraestruturas do parque eólico, coinciden cos datos do EIA (Decembro 2020-Revisión setembro 2021).

A DXPC dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver os informes técnicos e tendo en conta o establecido na LPCG, emite o seguinte

INFORME

En atención ao expresado nos apartados anteriores, e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, emítese un **informe favorable** dos documentos nomeados "Parque eólico de Monte Festeiros. Estudo de Impacto Ambiental (Decembro 2020-Revisión setembro 2021)" e "Proxecto de interese autonómico Parque eólico Monte Festeiros (Setembro 2021)", nos termos municipais de Silleda e Forcarei (Pontevedra), que deberá ter en conta as medidas correctoras establecidas no estudo de impacto sobre o patrimonio cultural, que constitúe o Anexo III do EIA e a súa addenda e as medidas correctoras formuladas na documentación complementaria remitida o 28.06.2022, e debéndose, en todo caso, ter en conta as seguintes condicións e consideracións:

- Descartarase a posición alternativa do aeroxerador MF02 e vial de acceso a este, que se situaría ao norte da poligonal, polo alcance do impacto sobre o patrimonio arqueolóxico.
- Respecto ás medidas correctoras propostas na "*Documentación para a resposta ao informe da DXPC. Parque eólico Monte Festeiros (Xullo 2022)*", relacionadas coas pantallas vexetais de arboredo autóctono na contorna do Mosteiro de Santa María de Acibeiro, o promotor deberá contar coas autorizacións pertinentes e comprometerse ao mantemento destas medidas ao



longo do tempo para que non deixen de ser efectivas.

- Prestarase especial atención ás afeccións sobre os muros tradicionais que poidan existir na zona de obras. Para iso, nas rozas e replanteo de accesos, plataformas, cimentacións e gabias de cableado estará presente o arqueólogo que leve a cabo o control e seguimento, para identificar axeitadamente os tramos de muros tradicionais de pedra en seco que se podan ver afectados polas obras. En todo caso, procurarase axustar as obras no replanteo para que as afeccións sexan as mínimas.
Tamén baixo control arqueolóxico desmontaranse os tramos de muros onde sexa preciso, e durante as labores de restauración ambiental, procederase á reintegración e remate axeitado dos tramos de muro que resulten afectados durante as obras.
- A respecto das obras de acondicionamento do vial de acceso que afecta o contorno de protección dos xacementos arqueolóxicos da Mámoa da Pallota 1 (GA36052063) e Mámoa da Pallota 2 (GA36052108), optarase pola opción que reduza ao máximo as remocións de terras, tanto no ancheamento da vía como na rectificación da curva, que proxectarase fóra do contorno de protección dos devanditos bens. Asemade, con carácter previo ao inicio das obras, e logo da roza superficial da vexetación, realizaranse unhas sondaxes arqueolóxicas valorativas na área que vai ser afectada polas remocións de terras para construír o novo firme situado no lado contrario ao que se sitúan as mámoas. De apareceren restos arqueolóxicos primará a conservación *in situ* dos mesmos, polo que se terían que adoptar as modificacións e medidas protectoras e correctoras oportunas.
- As medidas correctoras propostas na alternativa 3 do ESIa deberán contemplarse nas fichas dos elementos arqueolóxicos afectados.
- Comprobarase en campo o topónimo Coto da Tella ao atoparse este moi cerca de elementos de adscrición cultural romana.
- Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc.). Identificaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda. Nesa avaliación terase en conta o seguinte:
 - Consultaranse os catálogos das figuras dos planeamentos en vigor dos concellos afectados polo proxecto, os arquivos existentes na Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais e o Plan Básico Autonómico de Galicia.
 - Delimitaranse os bens do patrimonio cultural e as súas áreas de protección, baseándose no traballo de campo, en planimetría de detalle, en fotografía aérea e, no seu caso, en cartografía catastral. Estas áreas deberán axustarse ao previsto na normativa urbanística vixente nos concellos afectados e subsidiariamente ao disposto no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016).
 - Presentarase planimetría na escala apropiada na que se definan claramente as características dos accesos do proxecto (tramos existentes a modificar e tramos de nova construción) e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc). Cómpre sinalar que se deberán respectar os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural quedando libres de obra nova. A avaliación do impacto do proxecto deberá contar cunha ficha individualizada de cada elemento na que se fará constar as especificacións técnicas e características construtivas da obra ou proxecto que ocasiona o impacto, cualificación do mesmo, a distancia entre as obras e os bens e proposta de medidas protectoras e correctoras.
- Os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento



arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997).

- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá de ser presencial e continuo nos contornos de protección dos xacementos arqueolóxicos documentados. Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación *in situ* dos mesmos.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola DXPC.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade das obras.

Respecto ao Proxecto de interese autonómico:

- Deberá incorporar as modificacións no deseño do parque eólico e reflectirse nas planimetrías correspondentes. Asemade deberá completarse co inventario dos bens identificados no estudo, todas as valoracións de impacto e proposta de medidas protectoras e correctoras que se recollan no estudo de impacto ambiental a raíz destes cambios.
- Os contornos de protección dos bens serán os definidos nos planeamentos correspondentes, e, no seu defecto, os establecidos no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia. Asemade, as modificacións do proxecto executivo e do estudo de impacto ambiental deberán recollerse para que haxa correspondencia entre todos os documentos.
- Respecto da cualificación urbanística dos terreos, deberá recollerse a correspondente a solo rústico de protección de patrimonio para as áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos. Asemade deberá referirse ás normativas de protección do patrimonio cultural dos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados.
- Os concellos afectados deberán integrar os novos bens patrimoniais identificados nos seus catálogos urbanísticos de protección e definir e cartografar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.

Toda vez que este informe emítese dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou os Concellos previa concesión de licenza deberán remitir o correspondente proxecto técnico.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra. Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

